



R abastece na súa totalidade de enerxía verde

- R vén apostando progresivamente pola subministración de electricidade en base a activos renovables a través de Naturgy e EDP, os seus principais provedores.
- O operador galego renovou a súa Política de Sostibilidade que levará á práctica durante os próximos anos co desenvolvemento do Plan Estratégico de Sostibilidade 2020-2025.
- R adheriuse, xunto co resto do Grupo Euskaltel, á *Green Recovery Alliance* por unha recuperación da crise sanitaria e económica da Unión Europea baseada na sustentabilidade.

Mércores, 24 de marzo de 2021.- R logrou abastecerse na súa totalidade de enerxía verde en 2020 e **reduciu nun 60% as emisións de CO2** por consumo eléctrico que xera a súa actividade. Esta redución é resultado da aposta de R pola progresiva subministración de electricidade dos seus principais provedores, Naturgy e EDP, en base a activos renovables, e durante 2021 o obxectivo é **reducir a cero** as emisións de CO2 asociadas ao consumo eléctrico.

Esta actuación completa a súa aposta pola eficiencia enerxética co establecemento dun sistema de xestión enerxética conforme á ISO 50001, que implica a definición e posta en marcha de plans anuais de eficiencia enerxética e a realización periódica de auditorías sobre o consumo enerxético das instalacións co obxectivo último de contribuír á **descarbonización da economía**.

Dende o inicio das súas actividades, R foi una empresa comprometida coa sostibilidade e a xestión do seu impacto ambiental na contorna, cun sistema de xestión ambiental certificado externamente e a realización de declaracións ambientais verificadas conforme ao Regulamento Europeo EMAS como un reflexo da súa transparencia neste ámbito.

O compromiso coa xestión responsable dos recursos que emprega a compañía para desenvolver a súa actividade inclúe a decidida **aposta pola economía circular**, priorizando na xestión dos equipos a reutilización fronte á reciclaxe ou eliminación, sempre que sexa posible. Nos casos nos que non é posible reutilizalos, estes recíclanse mediante a súa entrega a un xestor autorizado, conseguindo ao final do proceso unha redución significativa dos residuos xerados e o menor impacto ambiental posible.

Durante 2020, **R** dotouse dunha nova Política de Sostibilidade que formaliza o compromiso cos distintos grupos de interese e co crecemento sostible, que levará á práctica durante os próximos anos co desenvolvemento do Plan Estratéxico de Sostibilidade 2020-2025.

Xestión ambiental responsable

A xestión ambiental e a loita contra o cambio climático representan un pilar fundamental do citado Plan Estratéxico de Sostibilidade, servindo de panca para a transformación cara a un modelo de negocio responsable. O obxectivo é aliñar o modelo de negocio cos compromisos e metas ambientais, situando a neutralidade de carbono e a redución de emisións como prioridade para levar a cabo unha xestión responsable dos impactos ambientais inherentes á súa actividade.

Esta estratexia está apoiada polo Sistema de Xestión Ambiental (parte, á súa vez, do Sistema de Xestión Integrado) que inclúe a Política Ambiental e o compromiso cos ODS, centrando a atención dentro do ámbito da xestión ambiental no emprego de enerxías menos contaminantes e o uso eficiente e responsable de recursos.

Para acadar estes obxectivos, a estratexia ambiental de **R** está dividida en tres liñas de actuación principais: **loita contra o cambio climático** e consumo eficiente de recursos; **circularidade** e xestión de residuos electrónicos, e fomento de **certificacións e iniciativas ambientais**

Este plan a cinco anos marca como prioridade o respecto do medio ambiente e o consumo eficiente de recursos, para o que estableceu una folla de ruta baseada na redución dos impactos. Por iso, céntrase na implantación de medidas encamiñadas a cumprir dous obxectivos principais: **xestionar de forma responsable os impactos ambientais** das súas operacións, e adaptar o modelo de negocio cara á neutralidade de carbono e a **redución de emisións**. Neste sentido, identificou o consumo eléctrico como un dos aspectos ambientais significativos da compañía, xunto coas emisións de gases refrixerantes e o consumo de combustible, que son os aspectos que máis inciden na contaminación atmosférica.

Por iso, **R** realizou o cálculo da pegada de carbono, medindo as emisións directas e indirectas das súas actividades para o establecemento de plans de redución de emisións de CO₂ anuais e cálculos e informes das emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) controladas pola organización conseguindo una redución sobresaliente do 60 %.

Dentro do seu compromiso coa contorna, **R** colabora na conservación da biodiversidade a través da sinatura dun convenio coa **Asociación Galega Custodia do Territorio**. <https://blog.mundo-r.com/es/quecheparece/r-piornedo>.

Ademais, engadiu aos seus compromisos relativos ao medio ambiente a súa adhesión á *Green Recovery Alliance* por unha recuperación da crise sanitaria e económica da Unión Europea coa sostibilidade como eixe imprescindible na implantación, por parte dos gobernos, de medidas e políticas aliñadas con estes criterios a prol do Planeta.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal